

Os taxistas de Santiago urxen un Plan de Mobilidade: "Solicitamos máis autobuses"

Nunha reunión coa Asociación Hostelería Compostela debáronse solucións para o sector, como poderían ser as licenzas temporais // Din que a xente non comprende os retrasos



Reunión entre a presidenta de Asociación Hostelería Compostela, Sara Santos, e o xerente, Ramón García, cos representantes de Radiotaxi, Manuel Sánchez García e Jesús García Gómez, este martes / CEDIDA

LORENA REY
Santiago

O problema de falta de taxis en Santiago é unha realidade chegando a alcanzar situacións extremas. Os propios composteláns queixáanse das eternas esperas nas paradas do casco urbano e os hostaleiros teñen que cancelar mesas reservadas ante a imposibilidade de que os comensais cheguen a tempo, entre outras circunstancias. O sector di que non é problema que se lle deba atribuír a eles directamente e que levan anos poñendo medidas enriba da mesa.

"Levamos anos solicitando Euro-

taxis e no mes de outubro do ano 2022 presentáronse licenzas temporais que non foron aceptadas nin polo Concello nin pola Xunta", comenta en conversa con EL CORREO Jesús García Gómez, representante de Radiotaxi, que xunto co seu compañeiro Manuel Sánchez García mantivo este martes unha reunión no local da Asociación Hostelería Compostela, coa presidenta da entidade, Sara Santos, e o xerente, Ramón García, co fin de coñecer a problemática do servizo de taxis na cidade e debatir posibles solucións.

Jesús García ve necesario contar cun Plan de Mobilidade, tendo en

conta que "dende as 8.30 ata as 10.30 horas polas rúas do centro non damos feito máis de dúas carreiras á hora, e iso non é un problema noso senón dos atascos que sofre a cidade". A esta queixa súmanse que os taxistas de Compostela levan tempo pedindo xiros para evitar certos tramos como Virxe da Cerca e praza de Galicia, sen obter ningún tipo de proposta ou solución. Esta situación provoca que, "aínda que soe raro", o sector pida máis autobuses. "A estación intermodal segue traendo cada vez a máis usuarios e non pode ser que a partir das 22.30 h. non haxa buses", di.

Jesús García recorda que no mo-

mento en que se celebran en Santiago congresos que atraen a unha importante cifra de persoas iso supón un colapso para un sector "que está canso". Asegura que sempre van atender "á xente que ten que ir ao Clínico ou ao aeroporto" antes que á dun congreso.

Por todo isto, os taxistas perden unha cifra importante de clientes ao enfrontarse a atrasos e non conseguir chegar a eles en moitas ocasións. "A xente quere o taxi no momento en que chama e non nos entende porque ninguén lle traslada a verdade que está a sufrir o gremio", sinala.

Todas estas cuestións foron abordadas na reunión coa Asociación Hostelería Compostela, a cal lle mostrou o seu apoio. "Dixéronnos que ían ir da man con nós", manifesta.

Pola súa banda, Sara Santos valorou esta xuntanza como "unha primeira toma de contacto" co sector e apuntou a que se celebrará un novo encontro, para o cal aínda non hai unha data marcada.

Na actualidade, Santiago conta cun total de 147 licenzas de taxi, un dato que sitúa á capital galega por riba dos ratios por habitante que marca a lei -unha por cada mil habitantes en municipios dunha poboación de 20.000 a 150.000 persoas-. Unha cifra insuficiente para o sector, que quere reforzar o servizo e evitar situacións de colapso.

Aberta ata o 9 de febreiro a inscrición no programa VacaLudos de Semana Santa

A ludoteca das Fontiñas acollerá os días 25, 26, 27 de marzo e 1 de abril un máximo de 73 cativos

REDACCIÓN
Santiago

O prazo de solicitude de praza para participar nas actividades do programa de conciliación VacaLudos de Semana Santa, que se desenvolverá no Espazo Educativo e de Lecer María Miramontes (Ludoteca das Fontiñas) os días 25, 26, 27 de marzo e 1 de abril, está aberto ata o 9 de febreiro. As actividades, que son de balde, desenvolveranse en horario de 07.45 a 15.00 horas.

O programa VacaLudos de Semana Santa ofrece un total de 73 prazas, dirixidas a nenos e nenas de entre 3 e 12 anos empadroados/as ou que estean matriculados/as nun centro de ensino no municipio de Santiago.

O Espazo Educativo e de Lecer María Miramontes, na rúa Fontes do Sar, ten unha finalidade lúdica, socioeducativa, cívica, cultural e inclusiva, cun proxecto cuxo propósito principal é garantir o dereito dos nenos e nenas ao xogo e a colaborar, así, no desenvolvemento integral da persoa, polo que está equipado cun fondo organizado de xogos, xoguetes, libros e outros elementos lúdicos adecuados á súa idade.

Compostela depositou en 2023 unha tonelada diaria de residuos orgánicos no colector marrón

Recolléronse uns 6.448 quilos de envases por día, un aumento do 12% con respecto ao ano anterior

L.R.
Santiago

Santiago rexistrou unha recollida media diaria de 6.448 quilos de envases lixeiros en 2023, o que supón unha diferenza do 12 por cento con respecto ao ano anterior, e tamén do depósito de materia orgánica ao alcanzar unha tonelada diaria no colector marrón. O concelleiro de Sustentabilidade Ambiental, Xesús Domínguez, explicou que "é necesario seguir con este labor de sensibilización de recollida selectiva de residuos, para facilitar a súa xestión e reducir a contaminación". Así, animou á veciñanza a participar nos labores de separación de envases e material orgánico para contribuír a reducir a materia que chega mesturada.

Xesús Domínguez destacou o programa *Ti tes a chave*, con máis de

4.000 chaves entregadas para depositar a materia orgánica no quinto colector para o seu tratamento posterior en compostaxe e apostou por "seguir a sensibilizar a poboación para utilizalo". A maiores, hai máis de 1.000 composteiros individuais, onde se trataron 400 toneladas anuais de residuos orgánicos, e continúa coa instalación do quinto colector no centro urbano. "Aínda que estes datos son positivos, existe unha marxe de mellora onde a colaboración cidadá é fundamental para a separación de residuos", indicou.

Para ter unha cidade máis limpa, incidíu na necesidade de depositar os residuos a partir das 20 horas para evitar a acumulación durante o día ao pé dos colectores, así como de pregar os envases para reducir o espazo que ocupan.

En 2023 recolléronse en Santiago 35.762.920 quilos nos colectores de resto; 2.353.360 kg de envases lixeiros; 349.040 kg de materia orgánica (Forsu), cun notable incremento no segundo semestre do ano; e 3.240 kg de pilas. Con respecto ao ano 2022, supón unha diferenza de 37.407.00

kg de resto (-4,5% de media diaria en 2023), de envases lixeiros 2.097.790 kg (+12,19% de media diaria en 2023), 35.600 kg de orgánico (+146%, 39% de media diaria en 2023) e 3.000 pilas (+8% de media diaria en 2023).

Máis de 12.000 envases reciclados pola comunidade universitaria

O número de envases recollidos nas seis máquinas Reciclos instaladas en diferentes puntos da USC ao longo de 2023 ascendeu a 12.410, entre latas (1.067) e botellas (11.173). A comunidade universitaria poderá seguir reciclando, facilitando así a circularidade destes residuos, é dicir, que volvan converterse en novos envases ou produtos tras a súa reciclaxe. Poderano facer en calquera das máquinas situadas na biblioteca Concepción Arenal, nas facultades de Filoxía, Ciencias Económicas e Empresariais, Escola Técnica Superior de Enxeñería, na máquina instalada no módulo central das facultades de Psicoloxía e Ciencias da Educación, e na Facultade de Matemáticas.



Anuncio de información pública da Modificación puntual do PXOM e do PE-1 no ámbito da parcela EM-FE (O Espiño)

O Pleno da Corporación do Concello de Santiago da Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 30 de novembro de 2023, adoptou o seguinte acordo:

Primeiro. Aprobación inicial da Modificación puntual do PXOM e do PE-1 no ámbito da parcela EM-FE (O Espiño), promovida polo Concello de Santiago, segundo o proxecto elaborado polos servizos técnicos municipais de Planeamento en outubro de 2023.

Segundo. En aplicación do procedemento regulado nos artigos 60.6 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e 144.6 do seu Regulamento, a Modificación inicialmente aprobada someterase a información pública durante o prazo de dous meses, mediante anuncios que para o efecto se publicarán no Diario Oficial de Galicia e nun xornal dos de maior difusión na provincia.

A documentación sometida a información pública comprenderá todos os documentos integrantes do expediente tramitado, incluído un resúmen executivo co contido mínimo esixido no apartado 6 do artigo 144 do Regulamento.

Terceiro. De conformidade co disposto nos artigos 60.7 da LSG e 144.7 do seu Regulamento, trasladarase a documentación ao órgano competente da Consellería en materia de urbanismo, a fin de que por este se outorgue audiencia aos Concellos limítrofes e se soliciten os informes sectoriais autonómicos que resulten preceptivos.

Quarto. Durante o trámite de información pública, o Concello solicitará o informe da Deputación Provincial, sobre posibles afeccións e estradas da súa titularidade (artigo 23.2 da Lei 8/2013 de estradas de Galicia), así como os dos servizos competentes da Administración do Estado en materia de telecomunicacións (artigo 35 da Lei 9/2014 de telecomunicacións), Defensa e Aviación Civil. Así mesmo, darase traslado á Delegación do Goberno en Galicia para os efectos de que solicite os outros informes que estime necesarios.

Quinto. Por aplicación do disposto nos artigos 47.2 da LSG e 86.2 do seu Regulamento, o acordo de aprobación inicial determina, por si só, a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas de parcelación, edificación e demolición no ámbito da parcela catastral 678042N-3488B0001J (EM-FE).

A suspensión terá unha duración máxima de **DOUS ANOS**, a contar dende o acordo de aprobación inicial, e extinguirase, en todo caso, coa aprobación definitiva do planeamento. O que se publica a fin de que, durante o prazo de dous meses, contado a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio, os interesados poidan consultar o expediente e formular as alegacións que xulgan oportunas. A documentación sometida a exposición pública estará a dispor dos interesados no Servizo de Planeamento e Xestión Urbanística do Concello de Santiago (Pazo de Raxoi, 2º andar), de luns a venres, en horario de 9 a 14 horas; e na páxina web do Concello:

<http://transparencia.santiagodecompostela.gal/Modificacion-puntual-do-PXOM-e-do-PE-1-no-ambito-da-parcela-EM-FE-O-Espiño/>

As alegacións poderán presentarse na sede electrónica do Concello de Santiago de Compostela no apartado "Catálogo de trámites" a través do trámite "Presentación de documentación e alegacións" e da opción "Achega libre". Deberase introducir o dato 2023/49495A no campo "Referencia" e incorporar o documento das alegacións.

Tamén se poderán presentar as alegacións por calquera dos outros medios relacionados no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 20 de decembro do 2023
O concelleiro delegado de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica
(P.D. DEU/2023/0135 do 17 de xuño de 2023)
Adela Lago Lezama, Teón